

PREGÓN PARA A FESTA DO CALDO DE MOURENTE

Veciñas; veciños todos
da parroquia de Mourente:
autoridades moi dignas,
familia e demais parentes.
Se na cidade de Vigo
vivo e polo tanto queroa
teño aquí vellas raíces
e amo moito a Pontevedra.
E cando alguén me pregunta
¿ti es de Pontevedra, ou non?,
eu lle respondo, amoroso:
"Eu de Ponte-Vigo son"
E se o tipo insiste máis
remato desta maneira,
repetíndolle de novo:
"Eu sonche de Vigo-Vedra"
O mesmo que no do fútbol
ecuánime souben ser.
Porque teño dous amores,
son hinchá celte-vedrés.
E xa anuncian os profetas
que o ano dous mil cinco centos
haberá só unha cidade
dende Baiona a San Xenxo.
E se hai alguén que o dubide
dentro de quíntos anos
espéroo nesa cidade
pra darnos un forte abrazo.
Que o agradece-la honra
de me facer pregoneiro
neste marco tan fermoso
do novo Monteporreiro.
Unha das miñas avoas
aquí tuvo lar e berce
-e o sangue de Mourente.
Sangue que non vén de mouros
que Mourente ven de moura
palabra preindoeuropea
e que significa rocha.
E de rocha son as xentes
que habitan nesta parroquia.
Aunque eu tal vez preferise
que procedese de "moura"
que "moura" é salga-lo peixe
con sal, -xurelo ou parrocha-

e aquí tedes moito sal
e a xente e moi salerosa.
Salerosas e graciosas
son as mozas desta terra.
Xa o dicía o mariñeiro
cando ó voltar da marea
ó ver preto a illa de Sálvora
e ó mirar a San Vicente
cantaba que "as boas mozas
habitaban en Mourente."
E os homes, traballadores,
intelixentes e honrados.
Sobre todo os que de nenos
se alimentaron con caldo.
E como do caldo teño
que botarvos o pregón
deixo de dicir piropos
e empezo a miña misión.

* * Ai, o caldiño antigamente era
unhas cantas patacas, unha fabas
e un anaco de unto e unhas berzas
que, ben quentiño, o corpo aloumiñaba.
E graciñas a Deus fomos comendo
e aqueles tempos moi atrás quedaron,
mais quen xantamos aquel caldo quente
sanos crecemos, pero... un pouco ananos.

* * Agora sonche tempos de fartura
e en Galicia e Mourente hai máis riqueza
e o caldo e un alimento que mellora
á de sona mediterránea dieta.

* * Pra que o degusten 4.000 persoas
hoxe hai trescentos kilos de terneira,
cincuenta de lacón, vinte de fabas
noventa de panceta, cen de orella,
oitenta de cacheira e oitenta de chourizos;

quíntos de patacas, cen repolos
e dous kilos de unto. Os que precisa
un caldo que se teña por tal caldo
e saiba a quen o probe a gloria e ceo.
Sen esquecer que son importantísimos
os setecentos monllos de bos grelos.

Por eso ha ter o caldo ese nostáxico
sabor do lar enxebre, doutros tempos
que pasaron -e que non volvan nunca-
que vivimos mellor nestes modernos.

* * E o milagre do caldo, a cocedura,
o caldo dos productos deste caldo
cincoenta e dúas donas o fixeron
e pido, ¡para todas!, ¡un aplauso!
(Dise que a auga de Mourente inflúe
para que saiba ben este caldiño.
Non o dubido amigos, pero penso
que tamén lle irá ben o noso viño.)
* * E pódovos dicir que foi o caldo
o motor das conquistas dos galegos
por América e África e Europa,
e Oceanía e Asi ¡e o mundo enteiro!
Sexa internacional o voso caldo
como ofrenda amorosa de aloumiño
pra tomalo ó redor dunha lareira,
pra tomalo en compañía cos amigos,
pra tomalo en xuntanza, sen enganar
e de remate un grollo de bon viño.
Ese é o misterio auténtico do caldo
ese é o secreto do seu agarimo
o que da forzas, coma a beberaxe
que lles dan os druidas ós invictos
Asterix e outros galos. (Non aó forte
Obelix que caeu cando cativo
no caldeiro quedou xa para sempre
forte coma un carballo ou coma un pino.)
* * Invitemos, amigos de Mourente
ós bos e xeneroso ó caldiño
sin distinción de razas ni de cores,
misturando os máis pobres cos máis ricos
(sempre que estes prometan que
investirán pra darnos beneficios.)

* * Pero, imos facelo todos xuntos
ó final do meu prego, repetindo,
este grito que das ensullas saia:
¡Vinde a tomar caldiño!
* * Os que estedes sufrindo un desengano
amoroso, -que lle imos facer, fillo-,
para esquecer ó ingrato, ou a ingrata:
¡Vinde a tomar caldiño!
* * Aqueles que sen choio os atopedes
sen perde-la esperanza, nin o tipo,
porque virán tempos mellores logo:
¡Vinde a tomar caldiño!
* * As mocías que tendes anorexia
e estades delgadas coma fíos,
deixádevos de coña, rapaciñas:
¡Vinde a tomar caldiño!

* * E os obesos felices, que coñecen
que aquela sabia Marta un día dixo:
"Se morre Marta morrerá ben farta",
¡Vinde a tomar caldiño!
* * Tódolos que coidades de nosoutros,
os médicos, os mestres e os políticos,
sendo traballadores, bos e honestos:
¡Vinde a tomar caldiño!
* * Ós que a festa viñechedes de lonxe,
de A Coruña e Ourense, sempre amigos,
exemplo da irmandade dos galegos,
¡vinde a tomar caldiño!
* * E os da terceira idade, eses que tedes
alegre o corazón coma cativos
pra que sexades xoves, toda a vida:
¡vinde a tomar caldiño!
* * E a tódolos que aquí vides cos brazos
abertos, cara a nós, sanos e limpos
ofrecendo amizade e bonhomía,
¡vinde a tomar caldiño!

E se houberse nalgures ruín xente
aunque non hai ninguén de todo malo
que saiban que tamén aquí os queremos
e han de cambiar, pra bos, ó tomar caldo.
Porque esta festa é festa de amizade,
de comunión de amigos axuntados
e queremos que a festa do caldiño
sexa, ademais de hoxe, todo o ano.
Que non hai neste mundo mellor cousa
que a de marchar ó paso do veciño
que os pobos que camiñan pola historia
xuntos, endexamáis serán vencidos.

*** É este pregón remata, amigos meus;
non vos esquencerei xa, nunca, nunca
e cando volva aquí, que será pronto
dádeme caldo, cunca, cunca e cunca.
* Hoxe convosco a miña alma goza
nesta festa do caldo de Mourente,
a terra das máis lindas boas mozas,
a terra da mellor, máis boa xente
* E aproveitando que hoxe están connosco
grandes autoridades, moi contentas,
pídlles o local que precisades
pra o ano que vén montar mellor a festa.
* * * E empeçemos co caldo, amigos todos
que hai que tomalo agora que está quente
e quente o corazón coa gran aperta
que nos imos a dar hoxe en Mourente

(E o mesmo que o mariñeiro
cantemos todos arreo:
Ai, Sálvora; ai, San Vicente,
¡gocemos da festa do caldo en Mourente!)

*Caldo
Mourente*